

Turismo estranxeiro en Galicia (FRONTUR)

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Outubro 2019. Datos provisionais - Miles de persoas

No mes de outubro de 2019, o número de turistas -persoas que pasaron a noite na comunidade- foi de 129 mil persoas cunha variación anual do 3,1 % o cal representa o 1,7 % do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Do total de turistas estranxeiros que recibiu Galicia durante o mes de outubro de 2019 clasificados segundo:

- **Vía de entrada:** O 48,9 % dos turistas estranxeiros empregaron como vía de acceso para entrar en Galicia a estrada, fronte ao 48,6 % que empregou o avión.
- **Tipo de aloxamento:** O aloxamento máis empregado foi o de mercado, cun 67 %, fronte a un 33 % de aloxamento non de mercado. Desagregando o tipo de aloxamento, o máis empregado foi hoteis e similares seguido de vivenda familiares ou amigos, que representan o 58 % e o 18,3 % respectivamente.
- **Motivo da viaxe:** O motivo principal polo cal os turistas estranxeiros visitan Galicia é ocio/vacacións, que representa o 71 % do total dos turistas que visitan Galicia, seguido de persoal (saúde/familia) o cal representa o 9,8 %.

En termos de volume acumulado, dende o mes de xaneiro de 2019, ata o mes de outubro de 2019 a comunidade autónoma de Galicia recibiu 1.473,4 mil turistas, cunha variación anual do 9,1 % o cal representa o 2 % do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Principais mercados emisores para Galicia. Acumulado Xaneiro–Outubro de 2019 (Turistas)

